

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria do 17.12.2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da *Semana Santa de Lugo*:

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o XXX, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da Semana Santa de Lugo, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de 20 de abril de 2018
- Acordo do Pleno do 10 de abril de 2018
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Lugo de 3 de agosto de 2018
- Informe da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural do 22 de xuño de 2018

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítase este informe sobre a declaración da Semana Santa de Lugo como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

II. Marco xurídico



1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93 as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo: *“A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.*

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) **Antigüidade.** As manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) **Singularidade.** As festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) **Arraigamento.** Elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de **accións promocionais** suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) **Valor cultural.** As celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) **Continuidade no tempo.** Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A **facilidade de acceso**, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A **estética**, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir **costumes e tradicións populares.**

d) O adecuado **coidado dos contornos urbanos**, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

- e) A **calidade dos actos** que configuren a celebración.
- f) A **creatividade e innovación** na celebración do evento.
- g) O nivel de dotación de **infraestruturas e equipamentos** para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
- h) A **afluencia de visitantes**.
- i) A **coordinación das entidades públicas e privadas** involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia:

Antigüidade e continuidade no tempo: Segundo a memoria, a celebración da Semana Santa remóntase á Idade Media, coa Venerable Orde Terceira de San Francisco, establecida en Lugo no século XIII. A Praza do Campo defínese como punto central do Lugo Medieval, lugar de paso de peregrinos ao sepulcro do Apóstolo. Posteriormente, coa contrarreforma iniciada no s. XVI, xurdirán con maior intensidade as manifestacións públicas de piedade, que constituirán o xerme da tradición procesional da Semana Santa lucense.

Singularidade: A celebración da Semana Santa de Lugo está intimamente ligada á exposición permanente do Santo Sacramento no altar maior da

Catedral. Así, dende o ano 1963, a procesión do Xoves Santo é a única en España en que a Sagrada Forma sae de procesión polas rúas da cidade. Así mesmo, na mañá de Pascua prodúcese o encontro entre Cristo resucitado e a súa nai. Estas excepcionalidades, xunto co carácter dramático dos pasos procesionais acentuado coa vestimenta dos confrades e coas súas penitencias (camiñar descalzos ou axeonllados), cos capirotos nas súas cabezas, coa iluminación das velas, coa propia beleza das tallas adornadas con flores, co silencio... crean un ambiente único nun marco arquitectónico inigualable.

Arraigamento: Despréndese da tradición eclesiástica de Lugo, así como da relixiosidade popular este arraigo ao ser organizados todos estes actos pola Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo, en colaboración con institucións públicas locais. Estímase que unhas 3.000 persoas participan na organización destes actos, feito que corrobora o compromiso da cidadanía lucense.

Accións promocionais: Consta documentación presentada sobre as accións de promoción realizadas nas últimas 5 edicións tanto en prensa (La Voz de Galicia ou El Progreso). Fixeron unha presentación da Semana Santa de Lugo na Casa de Galicia en Madrid. Tamén A TVG se fixo eco deste evento ó longo dos anos.

Segundo o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, estas accións serán como mínimo de 10 nas cinco últimas edicións; requisito que cumpren.

Valor cultural: O valor cultural vén dado polo contorno no que se desenvolve esta celebración; o centro histórico da cidade de Lugo. Así mesmo, a Semana Santa de Lugo caracterízase pola magnitude e grandiosidade dos seus pasos procesionais: pezas de ourivería do século XV e de imaxinería dos séculos XVII-XX. Xa Ramón Otero Pedrayo, no

seu traballo Historia de Galiza, a Semana Santa de Lugo ocupa o seu lugar xunto coa de Ferrol e Viveiro.

Achégase coa memoria o informe de José Manuel Abel Expósito, en calidade de autor da Historia da Semana Santa de Lugo.

2. Criterios de valoración.

a) Facilidade de acceso: A cidade de Lugo dispón dunha boa posición xeográfica que permite unhas boas comunicacións. Atópase ben comunicada coa autovía A-6 e a Autovía do Cantábrico que permiten unhas boas comunicacións coa España Verde. Conta con Estación de autobuses con empresas que fan recorridos a nivel nacional e internacional. A estación de ferrocarril ten conexións a nivel galego con A Coruña, Ferrol e Monforte de Lemos, e a nivel nacional con Madrid e Barcelona. Cabe resaltar que Lugo forma parte do itinerario do Tren Termal e do camiño do Norte e Santiago, no cadro dos Trens Turísticos.

No referente a aeroportos, os máis próximos a Lugo son o de Santiago de Compostela e o da Coruña. Lugo conta asemade co aeródromo de Rozas, no municipio de Castro de Rei, a 8 km da cidade.

Finalmente, no tocante ao apartado de accesibilidade, cómpre destacar que a Muralla de Lugo é totalmente accesible a persoas con mobilidade reducida en todos os seus tramos.

b) Estética: O concello de Lugo é unha das principais cidades de Galicia. A Semana Santa de Lugo celébrase na presenza de tres bens Patrimonio da Humanidade: a Muralla romana, a Catedral de Santa María e o Camiño Primitivo de Santiago de Compostela.

A muralla cobra especial relevancia nos actos que se desenvolven no adro da Catedral, así como en procesións como a da Virxe da Esperanza na que serve de fondo de escena. A Catedral de Santa María, sé principal dos actos litúrxicos da Semana Santa foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, está vinculada directamente á declaración do Camiño Primitivo de Santiago.

As imaxes das procesións están restauradas e coidadas, permitindo igualmente aos visitantes o tránsito polas rúas e prazas da cidade vella.

c) Manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Trátase dun evento estreitamente vinculado á relixión católica, ao conmemorar o momento da Paixón (morte e resurrección de Cristo), que reviste un esplendor único na cidade polo carácter relixioso que xa conta por si mesma. O San Lázaro supón a antesala á Semana Santa. O barrio da Ponte evoca as peregrinacións a Santiago de Compostela. Neste lugar por onde discorre o río Miño, foi onde durante séculos se obtivo o peixe para as vixilias coesmais, e onde se atopa o antigo “Hospital Real” . Entre o templo de San Lázaro e o hospital discorre o Camiño Primitivo de Santiago. A este lugar baixan de romaría gran número de lucenses a escoitar as misas que se celebran ó longo da mañá.

A visita ás sete igrexas, a participación nos actos litúrxicos e nas procesións son de por si, unha tradición e demostran un gran arraigo popular entre as xentes de Lugo.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza:

É patente o coidado de todo o conxunto histórico-artístico de Lugo, ademais do especial interese e respecto que se está a levar nas accións de recuperación das construcións da vila e antigas infraestruturas e na recuperación destas manifestacións de carácter relixioso.

e) Calidade dos actos que configuran a celebración: A Semana Santa conta con diferentes actos de carácter relixioso, cultural e de ocio que lle confiren que a calidade está garantida. Na actualidade os principais actos da Semana Santa son o pregón da Semana Santa Lucense, o Ciclo de Conferencias “Occidente ante o s. XXI”, concertos, procesións, actos litúrxicos e andainas e cinema.

O pregón da Semana Santa é o acto que da inicio a todas as celebracións da Semana Santa contando, nos últimos anos, entre os seus pregoeiros con distintas personalidades da esfera cultural, social e relixiosa.

O ciclo de conferencias, organizado pola Xunta de Confrarías da Semana Santa e a Delegación de Misións de Lugo xa vai pola súa décimo quinta edición, cun obxectivo de reflexión sobre as problemáticas do tempo actual e como afrontalas desde a posición dos países occidentais.

Dentro da serie de concertos, destacan os concertos de Música Sacra o os Concertos de corais.

Así mesmo, a Semana Santa celebra os actos litúrxicos en todas as parroquias da cidade. Dentro da totalidade destes actos, destacan as Visitas aos “Sagrarios da Reserva”. Esta tradición da visita a sete igrexas durante a tarde do Xoves santo, permanece en Lugo dende fai moitos anos.

Por último é de salientar a oferta complementaria de turismo e ocio ofrecido polas entidades e institucións locais: o concello programa unha serie de andainas guiadas gratuítas co fin de impulsar o Camiño Primitivo ao seu paso por Lugo como o casco histórico. Ademais, organízase un ciclo de cinema vinculado á temática socio-relixiosa.

f) Creatividade e innovación na celebración do evento: Coa celebración da Semana Santa, o Concello de Lugo, xunto coas distintas confrarías, permiten manter viva esta tradición cultural tan arraigada na vila, respectando as tradicións sen descoidar a mellora continua da imaxe adoptada.

Así mesmo con cada edición increméntanse as actividades culturais e de divulgación deste evento.

g) Infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes: Lugo está dotada dunha grande infraestrutura aloxativa. No que respecta aos equipamentos hoteleiros cos que conta a cidade, hai ao redor de 1600 prazas hoteleiras dispoñibles. A esta oferta hai que sumar 940 prazas entre 18 pensións, 3 apartamentos turísticos e dúas casas rurais que están funcionando na capital lucense.

No referente á restauración, Lugo conta cunha ampla oferta de restaurantes, cafés e bares. Son salientables as docerías do centro da cidade, na rúa da Raíña e na rúa

Doutor Castro, tamén coñecida como a “rúa das docerías” que teñen unha gran presenza na cociña nestas datas.

Adicionalmente, a cidade conta cunha ampla rede de oficinas de información turística para proporcionar información aos visitantes.

h) Afluencia de visitantes: A afluencia estimada de visitantes entre os anos 2013 e 2017 calcúlase tomando como referencia as consultas feitas nas datas de semana santa tanto na Oficina Municipal de Turismo de Lugo como en datos de ocupación hoteleira e obtidos da enquisa de ocupación hoteleira do IGE. Os datos de ocupación hoteleira nas datas de semana santa son significativamente máis altas que con respecto ós meses anteriores e posteriores.

i) Coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: Todos os anos se elabora un plan de sinalización e reestruturación de tráfico coa finalidade de ordenar a circulación e causar as menores molestias aos veciños. Neste plan, elaborado polo concello, cóntase coa presenza da Policía Nacional, Local e Protección Civil.

Orzamentos: Presenta os orzamentos destinados á celebración durante as últimas 5 edicións.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia o evento denominado *Semana Santa de Lugo*”.